

Presentación da materia

| | | | |
|----------------|--------------------------------|--------------|------------------|
| Materia | Ámbito sociolingüístico | Curso | 4ºESO PDC |
|----------------|--------------------------------|--------------|------------------|

CONTIDOS (Temporalizados por avaliacións)

| | |
|----------------------|--|
| 1ª Avaliación | <p>Lingua:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Comunicación oral e escrita: O texto. Propiedades e clasificación. O texto académico. ● Gramática: clases de palabras (substantivos, adxectivos, determinantes e pronomes). Os sintagmas. A oración simple. Os complementos do verbo (o atributo e o complemento predicativo). ● Ortografía: a tilde diacrítica. O uso das maiúsculas. ● Léxico: estrutura e constituíntes das palabras. O cambio semántico. Relacións de significado entre as palabras. <p>Literatura:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● A literatura castelá do século XVIII . Os séculos escuros en Galicia. <p>Xeografía e Historia:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● A crise do Antigo Réxime. A Ilustración. O século XVIII en España. ● A actividade económica: a Revolución Industrial. A España da Restauración. |
| 2ª Avaliación | <p>Lingua:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Comunicación oral e escrita: comprensión, interpretación e elaboración de textos en relación coa súa finalidade (textos persoais, expositivos e argumentativos). ● Gramática: Complementos do verbo. A oración composta por coordinación. ● Ortografía: o til diacrítico e as grafías dúbidasas. ● Léxico: a orixe das palabras. Os préstamos léxicos. <p>Literatura:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● A literatura do século XIX en España e Galicia. <p>Xeografía e Historia:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● A Primeira Guerra Mundial. O período de Entreguerras. A Segunda Guerra Mundial. ● A Segunda República española. A Guerra Civil e a España franquista. |
| 3ª Avaliación | <p>Lingua:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Comunicación oral e escrita: comprensión, interpretación e elaboración de textos en relación coa súa finalidade: textos orientados ó mundo laboral. A prensa escrita. Os medios de comunicación audiovisual e dixital. ● Gramática: A oración composta: a subordinación e a xustaposición. ● Ortografía: os signos de puntuación. ● Lingua e sociedade: a denotación e a connotación. Os cambios de significado. <p>Literatura:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● A literatura do século XX en España e en Galicia. <p>Xeografía e Historia:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Os organismos internacionais. A transición política en España. |

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

| Instrumentos: | | Peso |
|---------------------------------------|---------------------|-------------|
| Traballo diario dentro e fóra da aula | | 20% |
| Exames de avaliación | Proba de lingua | 20% |
| | Proba de literatura | 20% |

Presentación da materia

| | | |
|-----------------|-------------------------------|-----|
| | Proba de xeografía e historia | 20% |
| Tarefas | | 10% |
| Obra de lectura | | 10% |

TRABALLO DIARIO: Valorarase:

Seguimento das explicacións, realización dos exercicios, participación, preguntar dúbidas, saír voluntario/a nas clases, ...

EXAMES:

Realizaranse tres exames por avaliación que puntuarán cada un sobre 2 puntos, podendo obter un máximo de 6 en total. Poderase descontar ata 0,75 puntos por erros de ortografía reiterados e/ou redacción (0,1 por cada dúas faltas nas graffas; 0,1 por cada dous erros nos signos de puntuación; 0,1 por cada dous fallos de redacción; 0,01 por cada falta na acentuación das palabras).

TAREFAS:

Realización de pequenos traballos que se recollerán ou se exporán na aula.

OBRAS DE LECTURA:

Terán que facer unha lectura obrigatoria por avaliación e sobre cada unha realizarase un control de comprobación de lectura polo que poderán acadar ata 1 punto.

- Obra de lectura da primeira avaliación: Desconocidos, de David Lozano Garbala.
- Na segunda avaliación leranse relatos de Castelao, Cunqueiro e Ánxel Fole.
- Na terceira avaliación recomendarase a lectura de composicións poéticas do século XIX e XX, en castelán e en galego.

A nota da avaliación será a suma de: nota do exame de avaliación, nota polo traballo diario dentro e fóra da aula, nota das tarefas e nota sobre a lectura obrigatoria. Aprobarán aqueles/as alumnos/as que acaden unha nota \geq 5.

A nota final da materia será a media aritmética entre as notas reais, non redondeadas, das tres avaliacións.

Aqueles/as alumnos/-as que non acaden o 5 nesta media final da materia terán a oportunidade de presentarse a un exame final no que entrarán todos os contidos traballados ao longo do curso. A estrutura do exame será a seguinte:

- Preguntas sobre o bloque de coñecemento da lingua (gramática, ortografía e léxico).
- Preguntas sobre xeografía e historia; poderán ser de tipo teórico e práctico.
- Preguntas sobre educación literaria; poderán ser de tipo teórico ou práctico.

Valoraranse tanto os contidos como a presentación, expresión e ortografía. Neste último apartado, faranse as mesmas penalizacións que nos exames do curso. Non se farán preguntas sobre as obras de lectura. Para aprobar é necesario sacar unha nota mínima de cinco.